Deputación DA CORUÑA

IGUALDADE DE XÉNERO
DEPUTACIÓN DA CORUÑA

oitoM Moito

por cambiar, por mover, por concienciar,
por educar, por entender, por compartir,
por crear, por gozar, por vivir_

Publicación final do programa de actividades

Marzo de 2021

Produce
Rexenerando S. Coop. Galega

Organiza
Deputación da Coruña

A Coruña, marzo de 2021

Índice

Introdución 3
Proceso 4
Foro aberto 5
Saúde, corpos e violencias 8
Coidados e sustentabilidade das vidas 11
Emprego, precariedade e feminización da pobreza 15

#oitoM, Moito por mover

Introdución

A conmemoración do 8 de marzo de 2021, Día das Mulleres, estivo marcada polo impacto da COVID-19 no conxunto da nosa sociedade, coa sustentabilidade das vidas no centro da máis literal das maneiras.

Esta situación de crise desbordou o estritamente sanitario, cunha aínda incalculable repercusión directa en todos os ámbitos da vida, tanto no produtivo coma no reprodutivo. Tamén así é o caso das diferentes medidas activadas para a contención da pandemia, que desencadearon unha serie de consecuencias económicas e sociais que impactaron nas vidas e nos corpos das mulleres de forma diferencial.

Porque as mulleres sosteñen o mundo, pero tamén son as máis vulnerables en situacións de crise como a actual. Vulnerabilidade que se ve incrementada na superposición do xénero con outros vectores de desigualdade como a idade, a raza, a identidade e a orientación sexual, a capacidade, etc. Así, a COVID-19 entra en escena como un factor multiplicador sobre os impactos das violencias machistas, das sobrecargas de coidados, da precarización no ámbito laboral, etc.

Deste xeito, xunto coa celebración dos dereitos conquistados e o recoñecemento do camiño andado a prol da igualdade entre mulleres e homes, é o tempo tamén da reflexión e o deseño dos seguintes pasos a dar na axenda feminista. Porque aínda queda moito por cambiar.

Ante esta realidade, dende a Área de Igualdade da Deputación da Coruña puxemos en marcha unha campaña e unha programación de actividades co obxectivo de deternos e atoparnos nunha serie de espazos dende os que lidar coa incerteza, compartir dificultades e necesidades e estimular a acción colectiva precisa para continuar traballando pola igualdade real neste contexto complexo.

De forma específica, procuramos promover unha reflexión sobre a desigualdade de xénero dende unha perspectiva interseccional, incorporando na análise o impacto da COVID-19; xerar un espazo de calidade para o diálogo profundo, partindo da integración das vivencias destes últimos meses e convidando a trazar liñas a futuro; e fomentar o traballo en rede entre profesionais e mocidade da provincia da Coruña.

Sirva esta publicación como recoñecemento do traballo das diferentes participantes destes espazos, recompilación do proceso e das principais achegas e conclusións, base e inspiración para o traballo que temos por diante. Porque queda moito por cambiar, por mover, por concienciar, por educar, por entender, por compartir, por crear, por gozar. Moito por vivir.

Maria del Carmen Muíño Filgueira
Deputada delegada de Políticas de Igualdade

#oitoM, Moito por mover

Proceso

O foro aberto "Moito por compartir" foi a primeira das accións do programa, celebrado o 11 de marzo de 2021. O seu obxectivo foi dar comezo ao proceso partindo dun espazo participativo no que compartir e integrar as experiencias e efectos da COVID-19 nas vidas das participantes como profesionais da igualdade. Partimos da idea de coidar a quen coida, integrando a ética e a lóxica dos coidados dende a atención ás propias vidas e da necesidade de espazos para a xestión emocional tamén no ámbito profesional.

Con este foro como punto de partida, os días 16, 23 e 25 de marzo tiveron lugar as conversas "Moito por reflexionar", tres espazos de diálogo con expertas a través dos que afondar na comprensión dos impactos da pandemia nas vidas das mulleres, ideados dende a identificación dos retos existentes en tres ámbitos, estreitamente relacionados pero diferenciados aquí como xeito de análise: a saúde, os coidados e o emprego.

Cada unha destas conversas articulouse en dúas partes: unha primeira de exposición por parte de voces expertas, activistas e investigadoras en cada un dos ámbitos, convidadas para colocar un marco que funcionase como disparador e punto de partida común; e unha segunda parte baixo a forma dun espazo aberto á participación no que incorporar a esta análise as diversas experiencias persoais e profesionais, partindo das dificultades e necesidades detectadas e identificado posibles próximos pasos.

As actividades do programa "Moito por cambiar" estiveron dirixidas a profesionais do ámbito da igualdade nun sentido amplo. As persoas participantes dos diferentes espazos proviñan de contextos diversos: distintas escalas da administración provincial e local, terceiro sector, cooperativas, empresas, etc. O noso agradecemento a todas elas pola súa participación, o seu esforzo e xenerosidade.

#oitoM, Moito por compartir

Foro aberto

No primeiro espazo do programa, o foro aberto “Moito por compartir”, convidouse ás persoas participantes a facer un repaso e valoración deste ano atravesado pola pandemia no persoal e o profesional. A partir destas experiencias, facilitouse un diálogo desde o que afondar colectivamente na súa análise. Neste apartado extráense e elabóranse as principais ideas deste relato compartido, co que seguir espallando a reflexión e motivando a acción pola igualdade de xénero.

_Emoción

O foro foi un espazo cargado de emoción, ao igual ca todo este ano. As participantes describen estes meses como moi intensos tanto no profesional coma no persoal: estrés, frustración, esgotamento, sensación de responsabilidade e urxencia, presión, enfado, saturación, etc. Estas foron algunhas das sensacións máis nomeadas para definir un período cargado de altibaixos, nos que tamén houbo momentos nos que poder conectar co alivio, o orgullo ou o valor do apoio.
Un ano despois do comezo da pandemia, a sensación para moitas das participantes é de máxima urxencia: tras un primeiro momento de freo e outro de adaptación, senten sobre os seus ombreiros a présa por retomar a actividade e seguir traballando de maneira presencial coas persoas máis vulnerables.

_Reto

A pandemia trouxo consigo para todas as participantes a necesidade de facerlle fronte a numerosos retos, tomando numerosas decisións de envergadura nos seus postos de traballo e imaxinando novos xeitos de facer. Os servizos vencellados ás áreas de igualdade viñan dando prioridade ao formato presencial, polo que houbo que reformular todo un sistema de traballo para garantir o acceso de todas as persoas aos recursos. Moitas traballadoras destas áreas tiveron que aparcar as liñas nas que viñan traballando para centrarse no máis básico, coma o reparto de alimentos ás persoas máis vulnerables.

Algúns dos retos máis importantes coas usuarias dos servizos? Chegar ás persoas maiores salvando a fenda dixital e intervir en contextos rurais e dispersos (o medo ao contaxio e a ausencia de actividades provocou que as persoas se encerrasen nas casas). E, por suposto, atender as necesidades das persoas máis vulnerables, especialmente as mulleres vítimas de violencia de xénero.

No que atinxe ás entidades privadas, o maior reto para moitas empresas e cooperativas foi salvar a presión económica. Para isto, tiveron que reformular os seus servizos e formatos, o que tamén trouxo, nalgúns casos, aspectos positivos para os seus proxectos.

_Oportunidade

Como todas as crises, nalgúns aspectos esta situación constituíu tamén unha oportunidade. As participantes nomean o incremento do traballo en rede, en coordinación con técnicas doutros CIM ou equipos de igualdade, que foi clave en certos momentos para acompañarse e atopar solucións a problemas compartidos.

A resposta das entidades sociais foi ao seu xuízo moi boa, demostrando moita apertura para traballar determinados temas asociados a esta área de traballo e incorporar as tecnoloxías.

_Tecnoloxía

E a tecnoloxía? Para as participantes, as ferramentas tecnolóxicas contribuíron á coordinación e conexión. Permitiron seguir facendo actividades e explorando as posibilidades de formatos até o momento pouco empregados.

Con todo, coinciden en que coa tecnoloxía non poden chegar a toda a poboación: a fenda dixital acentuouse neste contexto, no que é retador chegar ás persoas máis vulnerables a través destes medios. Non cren que os medios virtuais estean servindo nin vaian servir para traballar con mulleres vítimas de violencia de xénero.

A conexión no rural é outro dos retos pendentes. Algunhas delas viviron en primeira persoa esta realidade, que dificultou o acceso ás clases virtuais dos seus fillos e fillas.

_Teletraballo e conciliación

Outro tema recorrente asociado á tecnoloxía é o teletraballo, unha realidade á que todas as participantes tiveron que adaptarse. A conciliación foi o grande reto persoal para moitas delas, especialmente no tempo de confinamento no que as súas crianzas non ían á escola. Triplas xornadas, sensación de non dar feito nada ben e de non parar, esgotamento, etc. Ao que cómpre sumar a desconexión cos equipos e as persoas usuarias. O que antes parecía idílico tórnase un pesadelo: a fronteira entre o público e o privado estoura con consecuencias drásticas para moitas traballadoras.

_Violencia

Moitas mulleres víronse confinadas nos seus fogares cos seus agresores, privadas das redes de apoio, xestionando innumerables cuestións de seguridade para os seus fillos e fillas, etc. Nesta situación de vulnerabilidade, aumentan a necesidade de atención dos servizos e equipos de igualdade, que se enfrontan con frustración e impotencia a esta realidade.

Segundo afirman algunhas das participantes, o contexto sociosanitario provocou a ralentización ou parálise de moitos

procesos burocráticos claves para as persoas usuarias de benestar social, como a tramitación de axudas de emerxencia social.

Ademais, inciden na importancia do presencial e o poder do colectivo para traballar con vítimas de violencia de xénero. O grupo é un motor de cambio, favorece o apoderamento, xera redes, etc. A pandemia dinamitou a rede social destas mulleres, nalgúns casos xa empobrecida. Falan da importancia de ampliar o concepto de saúde, avogando por unha concepción máis integral que vaia máis alá da protección fronte á COVID-19.

_O importante

Coñecedoras desta realidade, inciden na necesidade de non deixar de lado o humanamente importante, perdendo de vista as prioridades neste camiño cara a "normalidade". Temen que se abandone o relato de "non deixar a ninguén atrás", que reivindican para poder atender as situacións de máxima vulnerabilidade.

Algunhas das participantes sinalan a importancia de que o compromiso coas políticas de igualdade sexa real e radical por parte de toda a sociedade. Seguen percibindo as resistencias para que isto aconteza, e observan como se poñen por diante outros aspectos, o que demostra que o enfoque de xénero non está realmente integrado.

Consideran imprescindible facer visible, cuantificar e recoñecer todo o valor que achega este ámbito ao benestar do conxunto da sociedade, así coma o esforzo de moitas persoas, equipos e servizos en todo o territorio para levalo á práctica. Para algunhas delas, esta situación foi tamén unha oportunidade para conectar co orgullo pola capacidade destes equipos para adaptarse e resistir, e coa relevancia do seu traballo para o mundo.

#oitoM, Moito por reflexionar

Saúde, corpos e violencias

Enlace á conversa en Youtube

Con Lola Ferreiro

Activista do Movemento Feminista, doutora en Medicina pola Universidade de Santiago de Compostela e experta en saúde mental e xénero

O primeiro dos tres espazos de conversa e encontro entre profesionais ábrese coa intervención de Lola Ferreiro, que funciona como un marco dende o que entender **a saúde como un proceso dinámico**, que pode aumentar o diminuír influído por factores de todo tipo (políticos, económicos, sociais, etc.), todos eles necesariamente atravesados pola desigualdade de xénero.

A propia construción do xénero xa ten os seus efectos sobre a saúde das mulleres; dende a **abnegación**, o coidado do outro e o esquecemento do propio, ata a **represión** da resposta agresiva e a **culpa** por non encaixar no modelo, edifícanse unha serie de capas de **malestar emocional** con moita frecuencia convertidas en somatizacións.

Así, a súa exposición pon de manifesto de que maneiras as mulleres son con moita frecuencia menosprezadas e **maltratadas dende o sistema sanitario:**

- Invisibilización dos diagnósticos
- Falta de exploración específica dos síntomas expostos, sen incorporar a realidade das violencias machistas.
- Non ter en conta a morbilidade diferencial
- Menosprezar queixas e síntomas
- A hipermedicalización
- Nesgos importantes na atención á saúde mental
- A violencia obstétrica

En conclusión, a **formación** en xénero das e dos profesionais da saúde, abordada dende as propias Facultades de Medicina e continuar ao longo da especialización, debería ser prioritaria de cara a resolver as violencias cara as mulleres na intervención en materia de saúde.

Con Iria Veiga

Médica psiquiatra no Hospital do Barbanza e divulgadora científica. Mantén o blog "O outro lado do espello" e tamén colabora nunha columna sobre ciencia en Nós Diario e na canle de divulgación en Twitch Balea Vermella, xunto a Javier Balea

Dende esta análise da saúde dende unha perspectiva de xénero Iria Veiga pasa a concretar polo miúdo aquelas discriminacións e violencias que xa estaban a sufrir as mulleres por parte do sistema sanitario, e que a pandemia da COVID-19 non fixo máis que incrementar:

— Violencias na forma de neglixencias ou desvalorizacións dos síntomas das mulleres: mentres que os homes con síntomas pouco específicos son derivados con frecuencia á atención especializada ou á realización de probas complementarias, as mulleres son sistematicamente tratadas con analxésicos ou psicofármacos, desbotando as súas doenzas como "de causa psíquica".

— Violencias a través do diagnóstico: diagnósticos fundamentalmente atribuídos ás mulleres cunha forte carga pexorativa: somatizacións, ansiedade ou fibromialxia son etiquetas asignadas ás mulleres para non ter que afondar na orixe do seu malestar. Esta orixe moitas veces vén derivada das condicións de vida: violencia de xénero; sobrecargas relacionadas cos traballos de coidados; precariedade laboral e/ou pobreza, etc.

— No ámbito específico da saúde mental, certos diagnósticos (trastorno histriónico ou límite de personalidade) son asignados con frecuencia a aquelas mulleres que compren cos estereotipos patriarcais negativos sobre o feminino: elevada emocionalidade; actitudes hipersexualizadas; volubilidade; fraxilidade. Así as mulleres son castigadas tanto se compren o estereotipo patriarcal como se non.

— Violencias relacionadas co eido reprodutivo/xinecolóxico: a violencia obstétrica sería a punta do iceberg deste fenómeno, que abarca moitos outros aspectos como a invisibilización das patoloxías propias da xenitalidade ou do aparato reprodutor feminino; a negación da capacidade de decisión das mulleres sobre o seu corpo; a ignorancia sistemática dos planos de parto ou das decisións sobre aleitar, etc. Por último, aquelas situacións relacionadas cos abortos tardíos ou falecementos de neonatos, nos que en moitas ocasións non se respecta a vontade da nai de realizar o proceso de dó como considere, etc.

Conversa

_dificultades

A percepción compartida é que a pandemia da COVID-19 amplificou e empeorou unhas dinámicas que xa existían relacionadas coa atención ás mulleres por parte do sistema de saúde: escaso tempo para a atención; pouca calidade das exploracións, empeoradas debido á substitución da atención

presencial por atencións telefónicas; aumento da prescrición de psicofármacos, etc.

As participantes coinciden coa análise presentada polas relatoras. Dende os Centros de Información ás Mulleres, por exemplo, teñen detectado que ante situacións de malestar, as mulleres son tratadas en maior medida con psicofármacos, sen cuestionar nin indagar a orixe deste malestar.

Por outro lado, comparten a dificultade durante o confinamento na detección de casos de violencia de xénero, un período no que este asunto quedou invisibilizado e relegado de novo ao interior dos fogares, mantendo situacións de control e dominación que impediron unha atención e acompañamento de calidade das mulleres usuarias. Noméase tamén a desprotección do persoal sociosanitario ante a COVID-19, caracterizada por unha exposición ao risco cunha importante desigualdade de xénero.

A última das dificultades mencionadas ten que ver coas mensaxes lanzadas á cidadanía durante os primeiros meses da pandemia: estas mensaxes organizadas en torno á idea central de corresponsabilidade esqueceron que ían ser as mulleres as principais responsables dos coidados e polo tanto as maiores afectadas pola sobrecarga neste ámbito, con importantes impactos na súa saúde. Pola contra, non houbo mensaxes animando aos homes a facer a súa parte dos traballos de coidados dende unha óptica de corresponsabilidade.

_necesidades

Unha das principais necesidades compartidas é a de visibilizar a dimensión emocional da pandemia. É preciso saír ao mundo, retomar os espazos de encontro e apoio mutuo e, de non ser posible a presencialidade, seguir organizándonos e tecendo rede neste contexto de conexión telemática.

Relacionada con esta idea xurde a necesidade de mellorar as competencias dixitais das profesionais, así como tamén a capacitación en TICs das mulleres usuarias dos servizos públicos, especialmente en contextos rurais, coas que foi complexo manter a relación de acompañamento nestes meses de illamento social.

Outras necesidades están relacionadas co traballo en rede e integral do ámbito social e o sanitario, mellorando a prevención e detección das necesidades e demandas das usuarias.

_próximos pasos

Neste ámbito identifícase como imprescindíbel continuar coa organización feminista de base e a canalización e amplificación das reivindicacións das mulleres. Neste sentido aparece a proposta de articular grupos de usuarias dos servizos de saúde dende os que compartir experiencias e información, traballando na prevención e abordaxe das violencias neste eido, xerando capacidade de incidencia sobre as administracións, os medios de comunicación, etc.

Tamén a formación en xénero das e dos profesionais do ámbito de saúde é identificada como unha prioridade no camiño de erradicar as violencias machistas no contexto da atención e intervención sanitaria.

Por último, dende a óptica das profesionais da saúde e da atención á cidadanía, noméase como importante traballar pola xeración dun clima de confianza e seguridade, lexitimando que as mulleres usuarias poidan queixarse, trasladando con máis claridade a súa realidade e as súas demandas.

#oitoM, Moito por reflexionar

Coidados e sustentabilidade das vidas

Enlace á conversa en Youtube

Con Antía Pérez Caramés

Profesora contratada doutora da facultade de Socioloxía da Universidade da Coruña

Na súa exposición, Antía P. Caramés presenta os coidados como ese conxunto de actividades esenciais e ao tempo profundamente precarizadas e desenvolvidas en condicións de extrema vulnerabilidade que están a vivir un proceso de quebra, por varios motivos:

- O envellecemento demográfico
- O incremento e mantemento da participación das mulleres no mercado de traballo e o consecuente cambio de roles e expectativas
- Os procesos de globalización e transnacionalización dos coidados
- A deriva neoliberal das políticas públicas da "austeridade"

Esta crise dos coidados, presente dende hai tempo, fíxose máis patente durante a pandemia, que con certa capacidade reveladora visibilizou e colocou no centro do debate certos elementos do noso modelo de coidados:

- A vulnerabilidade e a interdependencia como condicións propias da existencia humana. A necesidade de coidados ao longo do toda a vida racha co mito liberal da autonomía, evidenciando a importante dependencia mutua sobre a que descansa a nosa sociedade.
- O concepto de traballo esencial e a súa relación cos procesos de sustentabilidade da vida. Cales son eses traballos? Que características teñen? En que condicións se desenvolven?
- As desigualdades socioestruturais detrás dos traballos esenciais, atravesados por diferentes eixos de opresión: traballos feminizados, racializados, etc., con diferentes valoracións sociais.
- As carencias e insuficiencias do noso Estado de Benestar e do noso modelo de organización social dos coidados, caracterizado por un baixo investimento público e unha gran dependencia dos coidados realizados no ámbito da familia.

Con Marina Sagastizabal

Doutora en Socioloxía, investigadora e profesora no Departamento de Socioloxía e Traballo Social da Universidade do País Vasco

No contexto do proxecto de investigación "El cuidado importa. Impacto de género en las cuidadoras/es de mayores y dependendientes en tiempos de la COVID-19", Marina Sagastizabal expón o impacto desta crise nas condicións económicas e laborais das persoas que coidan a maiores e dependentes.

Así, a pesar do importante aumento da demanda de coidados da poboación, non houbo unha resposta estrutural á altura, senón que a principal tendencia pasa ben pola refamiliarización e/ou a mercantilización dos coidados (nun mercado marcado pola informalidade, a feminización e a precariedade) tamén durante a pandemia.

O obxecto concreto do estudo é o caso das residencias para persoas maiores no contexto da COVID-19 e as dificultades que tiveron para desenvolver unha atención en condicións de seguridade e calidade, tras anos de precariedade e privatizacións. O punto de partida era un modelo ríxido e moi xerarquizado, así como unhas condicións laborais precarias unidas aos problemas de xestións dos tempos necesarios para os coidados, cargas de traballo que non corresponden coa categoría profesional, etc.

Segundo a información acadada en base a entrevistas co persoal empregado e equipos directivos das residencias, no inicio da pandemia a sensación xeral foi de caos e incerteza, con importantes cambios na organización e no xeito de traballar, así como unha carencia estrutural de materiais de protección, traballando durante un período prolongado sen a protección axeitada. Ademais, tiveron que facer fronte a situacións moi duras dun modo moi precario, sendo as residencias, como sinalan, "as eternas esquecidas".

Todo isto supuxo un forte impacto ao nivel da saúde laboral das traballadoras, ademais do forte idadismo nos protocolos de contencións da pandemia (por exemplo, o impacto negativo do illamento social padecido polas persoas residentes). En consecuencia, este estudo deixa en evidencia a precariedade, invisibilización e falta de recoñecemento do coidado no ámbito residencial.

Conversa

_dificultades

A primeira das cuestións compartidas polas participantes é que as principais dificultades relacionadas cos traballos de coidados no contexto da COVID-19 xa existían previamente, pero a pandemia amplificounas, evidenciando as carencias existentes a todos os niveis.

Compártese o feito de que como sociedade custa identificar os coidados (máis aló do asistencial) como ese universo de tarefas diversas relacionadas co benestar individual (ou autocoidado) e colectivo, presente en ámbitos tan diferentes como o emprego, a familia, a comunidade, etc. En todo caso, permanecen invisibilizados, o que alimenta o mito da independencia nunha sociedade absolutamente interdependente.

As limitacións na mobilidade, no encontro, no relacional están a afectar en gran medida as profesionais do ámbito da igualdade e dos servizos de atención á cidadanía. En primeiro lugar dificultando o seu traballo e en segundo lugar pola fatiga que van xerando. A pregunta no centro da conversa é: "como coidamos a quen coida?".

Así, moitas das mulleres responsables en solitario de tarefas de coidados a menores e/ou dependentes manifestan a súa preocupación nun contexto de pandemia xa que, se enferman, quen asumirá os coidados que prestan?

Mención destacada aquí para a sensación de abandono daquelas mulleres que son nais: a maternidade en solitario durante a pandemia; a inexistencia de servizos comunitarios; as dificultades para a conciliación; a invisibilización do seu esforzo, etc., son cuestións compartidas polas participantes.

Por último, percíbese unha importante falta de coordinación entre as diferentes administracións á hora de xestionar recursos destinados a asumir a súa responsabilidade respecto aos coidados.

_necesidades

Dende un punto de vista macro compártese a necesidade urxente dun cambio de modelo. A pandemia amosou con claridade a crise no sistema de coidados: invisibles, feminizados, subestimados, etc. E este cambio pasa por o desenvolvemento dunha política pública dos coidados; pola profesionalización, empregando criterios de equidade e xustiza social; pola articulación de servizos estables que faciliten a conciliación da vida persoal, social e laboral.

Nunha escala intermedia demándase un cambio de modelo das residencias de maiores: é necesaria a aposta por un modelo no que as persoas sexan o centro, e non o beneficio; unha xestión dende o público e/ou en colaboración coa economía social; a integración da perspectiva de xénero na súa xestión, materializada en Plans de Igualdade.

A pequena escala é preciso fomentar programas de autocoidado e saúde emocional para persoas coidadoras a nivel local. Dende o recoñecemento da nosa vulnerabilidade e interdependencia a aposta pasa por un modelo que proporcione previsión, atención, afectos e apoio para a realización de trámites e a xestión de conflitos.

_próximos pasos

A necesidade de seguir traballando no ámbito educativo, poñendo en cuestión as construcións da masculinidade e da feminidade, educando a uns e a outras por igual na corresponsabilidade, avanzando no obxectivo de responsabilizar aos homes dos coidados.

Por outro lado, é preciso seguir traballando para que os coidados pasen a un lugar central na axenda das administracións públicas e das entidades do terceiro sector: dende o traballo na sensibilización da importancia dos coidados para a sustentabilidade das vidas a estudos concretos sobre o impacto de xénero das políticas sociais e de coidados a todos os niveis, pasando por espazos de coordinación interinstitucional.

Tamén parece imprescindíbel camiñar cada o desenvolvemento de redes comunitarias de solidariedade e apoio mutuo.

Por último, compártese a influencia que esta cuestión historicamente abordada polos feminismos de base está a ter no ámbito institucional, que comeza a amosar signos de apertura ao debate e á innovación política co deseño de medidas concretas: creación de empregos relacionados co benestar; redución da xornada laboral; axuda de desemprego para as empregadas do fogar; mellora das condicións de acceso ao Ingreso Mínimo Vital, etc.

#oitoM, Moito por reflexionar

Emprego, precariedade e feminización da pobreza

Enlace á conversa en Youtube

Con Margarida Corral

Feminista e socióloga. Técnica de Igualdade da CIG. Dende o 2008 ocupa o cargo de Secretaria Confederal das Mulleres da CIG

Na súa exposición Margarida Corral destaca de que xeito as medidas adoptadas polos diferentes gobernos co obxectivo de protexer a saúde pública e evitar o colapso do sistema de saúde, non tiveron en conta o seu impacto dende unha perspectiva de xénero, facendo así que unha crise sanitaria se transformara en económica, evidenciando a denuncia histórica do feminismo de clase: as mulleres son o único soporte do sistema de coidados, e o peso deste rol condiciona enormemente a súa vida laboral.

A súa análise estrutúrase sobre o feito de que en tempos de pandemia, a desigualdade de xénero pasou a un segundo plano ao tempo que se producía un retroceso nos dereitos das mulleres: mentres que a crise do 2008 sacara en moitos casos ás mulleres do fogar, a crise do 2020 obrigou a regresar a ela.

Evidenciouse a importancia que teñen os traballos feminizados (tanto os asalariados como os non remunerados, os produtivos e os reprodutivos) en moitos casos relacionados con traballos esenciais de coidados, ao tempo que se constatou a súa baixa valorización social e económica.

Así, afirma que a pobreza ten rostro de muller xa que as mulleres son máis vulnerables ante o empobrecemento: dende a fenda salarial á desigualdade das pensións, ata as maiores taxas de desemprego ás que debemos engadir empregos en xeral máis precarios, temporais e con máis xornadas a tempo parcial necesarias para compensar a falta de corresponsabilidade no fogar e o limitado das políticas de conciliación.

Con Marta R. Bóo

Feminista con experiencia na economía social, nos coidados e na docencia. Parte da Asociación de Estudos Laborais Feministas ASELAFEM

Dende a experiencia de ASELAFEM Marta R. Bóo comparte a reflexión de que a pandemia da COVID-19, as restricións asociadas á mesma e a crise sanitaria, económica, social e emocional que provocou está a poñer de manifesto as ca-

rencias do sistema patriarcal e colonial, evidenciadas na dificultade das políticas públicas en abordar unha situación de precariedade na que xa vivía unha gran parte da sociedade.

Así, destaca na súa intervención de que xeito son as mulleres e aquelas outras persoas con identidades nos normativas as que están a recibir maiores impactos neste sentido.

Para mudar esta situación sería preciso promover fondas transformacións a longo prazo que fosen ás raíces das desigualdades, poñendo as vidas das persoas e as súas vulnerabilidades no centro, sen esquecer a importancia de potenciar a comunidade e o fortalecemento das redes de apoio mutuo.

Conversa

_dificultades

Moitas das participantes comparten a sensación de fatiga e pesimismo experimentada ao longo deste ano: en primeiro lugar dende un punto de vista persoal, de esgotamento, e en segundo lugar debido ás dificultades (e ás veces impotencia) á hora de prestar atención e apoio efectivo ás súas usuarias neste contexto tan complexo. A impresión compartida é que as desigualdades de xénero no ámbito laboral están a incrementarse, producíndose certo retroceso nos dereitos laborais: unha vez máis serán as mulleres as que paguen a crise.

Por outro lado a pandemia puxo de manifesto como son as mulleres as primeiras en padecer as dificultades de compatibilizar os traballos de coidados co emprego: importantes dificultades para a conciliación e a desconexión; ruptura do espellismo da corresponsabilidade; aumento das sobrecargas debidas á dupla e a tripla xornada, etc.

Tamén se puxeron da manifesto as dificultades de continuar coas atencións e os acompañamentos dende os servizos públicos e as entidades socias relacionadas coa importante fenda dixital existente no noso territorio.

As participantes tamén fixeron fincapé na complexidade na atención ás mulleres en situación de especial vulnerabilidade: mulleres en situación de violencia de xénero, empregadas do fogar, mulleres migrantes en situación irregular, etc. Destacado é o caso destas últimas, na súa maioría empregadas na economía mergullada no sector dos coidados, xa que pola súa situación de irregularidade non tiveron dereito a ningún tipo de prestación.

_necesidades

Ante a emerxencia desta situación é preciso avanzar no recoñecemento dos traballos de coidados como actividades esenciais, dignificando as súas condicións e mellorando a súa valoración social.

Dende o punto de vista das profesionais dos servizos de igualdade, é preciso o impulso do traballo coordinado cos servizos de emprego e orientación laboral, prestando unha atención integral e conxunta: o emprego non é soamente a vía principal para fuxir da pobreza, senón que tamén é unha ferramenta imprescindible para rachar con situacións de discriminación e violencia.

Destácase a importancia dunha mellor detección das necesidades das mulleres neste contexto, para o que debemos coñecer mellor as súas opinións e experiencias, as especificidades de cada territorio, realizando unha mellor diagnose e unha análise de calidade dos diferentes sectores produtivos. Ao tempo, demándase a realización de avaliacións do impacto de xénero das políticas e medidas concretas postas en marcha.

É fundamental que as administracións a todos os niveis, cunha gran capacidade de mobilización de recursos, asuman as súas responsabilidades neste ámbito dende un enfoque transversal, impulsando a inclusión de cláusulas sociais nos plans, nos pregos de contratación, nas convocatorias de axudas públicas, etc.

Por último, as persoas participantes manifestan a súa necesidade de espazos seguros nos que compartir as dificultades experimentadas no contexto actual, tanto nun plano persoal e psicolóxico, como profesional, activista, etc., tecendo así redes de apoio dende as que minimizar as eivas do sistema.

_próximos pasos

Tras a celebración desta conversa é evidente que a acción pola igualdade no ámbito laboral non pode quedar nun segundo plano e agardar ao fin da pandemia. Nun primeiro lugar colócanse aquelas cuestións que teñen que ver coa organización e articulación de demandas e a incidencia política sobre cuestións tales como:

- O desenvolvemento, ampliación e aplicación da Lei de Dependencia.
- A adopción do Convenio 189 da OIT sobre o traballo doméstico, garantindo a protección do colectivo das empregadas domésticas e equiparando os seus dereitos laborais aos do conxunto de traballadoras.
- A reforma da Lei de Estranxeiría, facilitando o acceso ao emprego en pé de igualdade a persoas en situación administrativa irregular.

Ao tempo, é precisa unha resposta política que incorpore e dea prioridade á perspectiva de xénero dende un duplo enfoque: desenvolvendo políticas públicas estratéxicas e integrais (abordando de forma conxunta o emprego, os coidados, a conciliación e o fomento da corresponsabilidade, etc.), e ao tempo impulsando medidas correctoras para saír da actual crise económica e social antes e mellor. Neste sentido, tamén é preciso articular o axeitado respaldo institucional para que as entidades do terceiro sector poidan continuar co seu traballo con calidade e garantías.

É impresdindible contar cunha información e análises de calidade para poder avanzar neste camiño, polo que se entende como preciso:

- Medir o impacto diferencial para mulleres e homes das diferentes medidas adoptadas durante este crise sociosanitaria no ámbito do emprego.
- Calcular os beneficios que podería ter reducir a fenda de desigualdade entre mulleres e homes.
- Adoptar un enfoque interseccional que teña en conta as particularidades e identidades diversas das mulleres en situación de especial vulnerabilidade: atender a factores que poden ser multiplicadores de situacións de discriminación como a raza e a etnia; a idade; a orientación sexual; a identidade e expresión de xénero; o lugar de residencia; o entorno rural/urbano; a diversidade funcional ou dependencia, etc.

Por último, as participantes recalcan a idea de seguir traballando na creación de redes de apoio e coidados entre mulleres, pero tamén específicas de profesionais. Neste contexto de crise, a capacidade de escoitarnos, coñecernos, organizarnos, compartir recursos, etc., resulta indispensable.

Deputación
DA CORUÑA
IGUALDADE
DE XÉNERO
DEPUTACIÓN DA CORUÑA